

Aspectos xerais:

Na xincana na Vila:

- Cada equipo terá unha persoa responsable de recoller o son (so o son) cun dispositivo móbil nas exposicións orais das localizacións
- Cada equipo contará cunha persoa responsable de recoller documento gráfico da actividade, é dicir foto ou/e vídeo

Nas actividades / dinámicas do centro:

- Cada equipo contará cunha persoa responsable de recoller documento gráfico da actividade, é dicir foto ou/e vídeo
- Os participantes poderán facer uso dos baños do ximnasio
- Os espazos de actividades son única e exclusivamente o corredor da cafetería, a aula Polos, a aula de Normalización, o Ximnasio/pavillón e o espazo verde do centro.
- O alumnado poderá facer uso da cafetería (sen abuso e sen descoidar a realización das actividades)

Misión 1: Menuda chapa das

Diríxete á aula de Polos Creativos e realiza no espazo creativo unha chapa conmemorativa desta xornada que poderás levar de recordo. Para facela correctamente déixate asesorar e segue as indicacións que che dan as persoas coordinadoras desta actividade.

Vai ao seguinte documento para ver como traballar ca máquina de chapas: [Crachas](#)

Vídeo tutorial: [Máquina de chapas](#)



Misión 2: Real ou virtual

Diríxete á aula de Polos Creativos/Pavillón e amósanos o teu manexo no mundo virtual xunto coa túa creatividade.

Pon as lentes VR e segue as indicacións dos coordinadores para realizar a actividade.

Realiza unha creación artística baseada nos contidos do proxecto que estás a desenvolver.

Pensa en contidos traballados como os riscos da contaminación, das augas mariñas e das augas continentais, do papel da vexetación no proceso de mellorar a pegada dixital, podes tamén inspirarte noutros contidos como as xentes e a cultura de Xinzo e Rianxo, os movementos migratorios e as súas consecuencias, no impacto das actividades humanas ou do crecemento urbano no medio natural.

Experiencia Inmersiva:

Actividade RV 1:

Pon os lentes de RV e entra na aplicación Gravity Sketch e colabora co teu equipo a crear unha obra artística na que representedes calquera idea que teña que ver cos contidos do proxecto (protección e conservación das augas oceánicas e continentais, conservación do medio, paisaxes naturais ou humanizadas) ou ca experiencia de intercambio cultural que estades a vivir. Tes 5 minutos para facer a túa contribución na obra do teu equipo na que podes crear formas e escribir texto. Entra na aplicación e pulsa en “Novo Skecth”. Para ir gardando teu deseño, preme no botón Y do mando esquerde e pulsa en “gardar”. Pulsa de novo para voltar ao espazo de deseño.

Para desactivar calquera función ou voltar ao espazo principal de deseño pulsa no botón que pulsaches previamente para facer esa acción. Por exemplo se premo no botón de

ferramentas para escribir teño que pulsar de novo no botón para escoller pintar e pulsar de novo no botón para voltar ao espazo de deseño.

Preme na aplicación Gravity Sketch e unha vez dentro pulsa en Novo Sketch para facer un novo deseño

Achega o mando dereito á roda de cor do mando esquerdo para escoller cor e material da cor

Preme no botón dianteiro dereito para accionar ou deseñar

Preme no botón B se queres rectificar algún paso

Preme na palanca esquerda no sentido das agullas do relexo para borrar

Preme no botón e dalle a gardar deseño

Coa palanca dereita podes modificar o tamaño do pincel, repara na esfera como cambia o tamaño e logo preme no botón para pintar

Botón X, esquerda, para abrir menú de formas ou seleccionar escribir texto

Preme no botón lateral se queres mover a túa peza de deseño

Actividade RV 2:

Colle as outras lentes Oculus Meta Quest 2 e mergúllate nalgunha destas experiencias inmersivas de Youtube VR. Vai a aplicación de youtube e escribe “un pais 360” e proba algunha destas experiencias:

Mergullo na Arousa: https://www.youtube.com/watch?v=APLCV8pZIL4&list=PL0xO_4rto5uwqqw8FSbxYfs82arQE-7GJ&index=32

Navegando pola ría:

https://www.youtube.com/watch?v=FH1TXtRIn9k&list=PL0xO_4rto5uwqqw8FSbxYfs82arQE-7GJ&index=38

O río Ulla:

https://www.youtube.com/watch?v=1hOeKtf0VAg&list=PL0xO_4rto5uwqqw8FSbxYfs82arQE-7GJ&index=33

As illas atlánticas:

[Cíes](#)

[Ons](#)

[Sálvora](#)

Praia de Area Maior en Muros:

<https://www.youtube.com/watch?v=aHXO6Bre2ao>

<https://www.youtube.com/watch?v=kW6Cjq6zOqw>

Se queres podes probar tamén con algunha destas outras propostas:

Barreira de Coral:

<https://www.youtube.com/watch?v=72fg0n3FrYg>

Un mar de lixo:

<https://www.youtube.com/watch?v=4OCf9cuBMpc>

Cambio climático a través do mundo:


<https://www.youtube.com/watch?v=VD8dBvWJ1i4>

Misión 3: Que Cousas!

Misión 3: Que Cousas!

Como sabedes Rianxo é terra de xentes de mar pero tamén de xentes de letras e da cultura galega como Castelao, Manuel Antonio ou Rafael Dieste. Castelao ademais gustaba de combinar a súa faceta de escritor coa de debuxante para facer creacións que nos contasen o que estaba a vivir a Galicia do seu momento. Nesta misión debedes crear a vosa “Cousa” na que mesturedes imaxe (debuxo) e texto para expoñer algunha idea relacionada co proxecto que estades a desenvolver na clase ou mesmo coa convivencia que estades a vivir hoxe.

Vai á aula de normalización/polos creativos e segue as indicacións que vos dá a coordinadora da tarefa.



Imaxe – Fonte: [Afundación](#)

Misión 4 Inaturalist.

Este reto consiste en identificar plantas e flores no espazo verde do centro para iso deberedes levar as tablets e activar a aplicación Inaturalist. Ademais deberedes debuxar as 3 plantas ou flores identificadas cos dispositivos dixitais.

Sae ao espazo verde do centro e busca no teu dispositivo a app Inaturalist. Abre a aplicación e preme no menú (arriba á esquerda), logo en Nova observación (abaixo á esquerda).

Preme en “facer foto”.

Permite acceso á localización (deste modo poderás ver as coordenadas)

Fai a foto

En “nomea o que viches” accede para comparar con aquela que máis se che pareza á especie capturada na túa fotografía.

En “notas” pon o nome do teu equipo, por exemplo Q1eD4.

Indica se a planta ou flor é cativa ou cultivada

Dalle ao check (abaixo en verde).

Garda a observación

Listo!

Quédanche dúas capturas máis para rematar esta misión.

Repite o proceso anterior para cada unha delas

Mira o reloxo, se cadra tes tempo para outra captura!

iNaturalist Explorar Comunidade Más Iniciar sesión ou Regístrate



Ashutosh Shinde - Mantid de Thane, India

Conecta coa Natureza
Explora e comparte as túas observacións do mundo natural.

REGÍSTRATE EXPLORAR

Como Funciona

1. Smartphone icon with a green leaf and a hand pointing to it.
2. Three user profile icons with a green double-headed arrow between them.
3. A green butterfly icon with speech bubbles and a leaf icon.

<https://www.inaturalist.org/#hero-carousel>

Imaxe – fonte: [Inaturalist](https://www.inaturalist.org/)

Outros dous integrantes do equipo serán os encargados de **debuxar no bloc de debuxo** facilitado polos coordinadores da actividade as flores ou prantas localizadas e **ponlle o seu correspondente nome** según identifiquedes na aplicación. Unha vez feito podedes **colorealos** debuxos na aula de Normalización.



Imaxe – Fonte: exemplo de carqueixa da Biblioteca Nacional

Misión 5: Eco - Oca.


Vai ao pavillón/patio e xoga coa nosa xente invitada da asociación AMICOS de Boiro á ECO - Oca. Nesta misión competiredes en colaboración co resto de equipos polo que é importante avanzar o máximo para poder rematar correctamente o xogo. Deixádevos guiar polas indicacións dos coordinadores e respostade correctamente as preguntas.



14 VIDA SUBMARINA



XINCANA NA VILA:



	Localizacións	Actividade	Descrición
<p>Vila</p> <p>Mapa</p>	<p>Q1eD1 - Q2eE1</p> <p>Paseo das esculturas</p>	<p>Xincana</p>	<p>Neste paseo ides ter a oportunidade de achegarvos aos nosos costumes e a catro grandes figuras da literatura galega, tres de Rianxo (Castelao, Dieste e Manuel Antonio) e a outra é a gran Rosalía, nai das nosas letras.</p> <p>Cal é a canción popular máis coñecida de Galicia? (Resposta correcta: a Rianxeira)</p> <p>Escultura da Rianxeira - obra de Manuel García de Buciños en bronce e cristal, reproduce unha peixeira coa patela na cabeza en honor á protagonista da canción homónima que é considerada o segundo himno galego.</p> <ul style="list-style-type: none"> Para podermos avanzar precisamos que como mínimo tres persoas canten unha estrofa da canción. <p>Escultura en homenaxe a Rafael Dieste - Trátase dunha peza do artista Pérez Porto que recrea personaxes de catro dos contos do libro de Dieste</p>

			<p>titulado Dos arquivos do trasno, que foi a súa primeira obra publicada.</p> <p>Escultura de Castelao - No paseo marítimo da vila non podía faltar a homenaxe a Castelao, o seu veciño máis ilustre. Trátase dun busto do autor do escultor José Escudero Couceiro realizado en bronce. Trátase dun agasallo do Patronato da Cultura Galega de Montevideo en Uruguai á vila de Rianxo, isto é, un agasallo da xente da emigración.</p> <p>Escultura de Manuel Antonio - Busto do escritor.</p> <p>Escultura de Rosalía de Castro - Peza realizada en pedra por Camilo Rodríguez Vidal.</p> <p>A Manuela - escultura realizada polo artista de Padrón Camilo Rodríguez en homenaxe ás xestas heroicas desta embarcación que nos anos 40 do pasado século se dedicaba ao labor do xeito e tamén ás competicións de traíñeiras, nese momento chegar a ser durante cinco anos consecutivos a campiona da Ría, por iso os remos da escultura están en posición de vitoria.</p>
Q1eD2 - Q2eE2	Xincana	Casa de Castelao	<p>No número 42 da rúa de Abaixo atopamos a que fora vivenda familiar de Castelao.</p> <p>Esta non foi a primeira casa na que viviu Daniel xa que inicialmente a súa familia non tiña casa de seu, vai ser despois cando volva seu pai de América convertido en indiano cando adquiera esta casa.</p> <p>Posteriormente, na época da ditadura franquista, cando Castelao tivo que permanecer no exilio, os seus familiares sufrían continuas aldraxes por parte dos veciños e permanecían por medo agochados dentro da casa.</p> <p>Teresa Castelao, a súa irmá, viviu nela ata a súa</p>

			<p>morte.</p> <p>Podemos dicir que é un exemplo da arquitectura vilega mariñeira con balcón e galería.</p> <p>Agárdase que nun futuro se poida converter na sede da Fundación Castelao.</p> <p>Cal destes títulos pertence a Castelao: Cousas, Sempre en Galiza, Os vellos non deben de namorarse? (resposta correcta: os tres)</p>
	<p>Q1eD3 - Q2eE3</p> <p>Casa Museo de Manuel Antonio</p>	Xincana	<p>Na rúa de Abaixo temos a Casa Museo de Manuel Antonio.</p> <p>En Rianxo existe un proxecto de musealización e posta en valor das casas de Manuel Antonio, Castelao e Rafael Dieste denominado “Academia Literaria de Rianxo”, esta casa museo de Manuel Antonio é a primeira das tres do proxecto que abre ao público.</p> <p>Debido á cantidade de persoas que somos non imos poder acceder a ela para visitala por dentro pero debedes saber que consta de tres andares, no inferior podemos ver a través de fotografías o Rianxo da época en que viviu o autor, os anos 20 e os outros dous andares xa están dedicados á súa vida e á súa obra onde se poden ver tamén obxectos persoais e a súa obra De catro a catro que marcou a renovación da poesía galega do seu momento.</p> <p>- Alguén sabe que conta este libro de poemas? (Resposta: unha travesía en barco dende que se zarpa, a estadia en alta mar e a volta á terra.)</p>
	<p>Q1eD4 - Q2eE4</p> <p>Igrexa Santa Comba</p>	Xincana	<p>Santa Comba (ou Sta. Columba) é unha das construcións relixiosas máis significativas da vila de Rianxo. Trátase dun edificio gótico de finais da Idade Media e comezos da Idade Moderna, pois foi construído no s. XV. Está situada na praza de Rafael Dieste, un dos moitos escritores ilustres da vila, como escritor foi tamén o trovador, militar, nobre e señor desta vila.</p> <p>- Podería alguén sinalar algún elemento gótico neste edificio? (resposta correcta: pequeno rosetón e decoración da portada con pináculos adosados)</p>

	Q1eD5 - Q2eE5 Hórreo	Xincana	<p>Os hórreos ou graneiras son arquitecturas civís adicadas ao almacenamento e cura ou secado dos cereais. Pero neles reflectíase tamén o poder dos propietarios. En Rianxo, temos dous dos máis grandes hórreos de Galicia, o do Araño e este do pazo de Rianxiño que ten a peculiaridade de estar cuberto por unha cuberta de pedra en lugar doutros materiais máis habituais como a tella.</p> <p>- Cal sería o cereal que máis se almacenaba neste hórreo? (resposta correcta: millo)</p>
--	-------------------------	---------	---